

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS PARA O IMPULSO DA LEI 9/2021, DO 25 DE FEBREIRO, DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA NO ÁMBITO LOCAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, que actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas pola Orde do 23/03/2022, DOG núm. 63 do 31/03/2022, sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería, **DECLARA:**

Que esta Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación formalizou coa entidade Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 26 de agosto ata o 30 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Universidade de Vigo, para contribuír, coas actuacións obxecto do mesmo, a facilitar a reactivación da actividade económica desde a perspectiva prevista na Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia para o ámbito local.

A Lei 9/2021 crea o Sistema de atención ao investimento cuxa xestión corresponde á Oficina Doing Business Galicia, que é o órgano que depende da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

O correcto funcionamento do Sistema de atención ao investimento esixe a coordinación entre as diferentes administracións públicas con competencias na





implantación de iniciativas empresariais, e por ese motivo a Lei 9/2021 prevé a adhesión ao mesmo dos concellos que formen parte da iniciativa concellos emprendedores, polo que por medio do presente convenio se pretenden instrumentalizar todas aquelas actuación que favorezan a difusión e o coñecemento desta normativa, co obxecto final de favorecer a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia.

Coa sinatura do presente Convenio preténdese facilitar o coñecemento da Lei 9/2021 no marco das entidades locais de Galicia, dende unha visión práctica, na procura da consecución dos obxectivos fixados na norma, nomeadamente unha maior axilidade e simplificación nos procedementos administrativos e un maior grao de eficiencia de cara á cidadanía e ás entidades empresariais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considérase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral técnico

